

EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL

OBRADOIROS DE SENSIBILIZACIÓN COAS ENERXÍAS RENOVABLES: ENERXÍA SOLAR

CONTIDOS

- A enerxía solar. Enerxía solar térmica e fotovoltaica.
- Principios físicos no deseño e funcionamento das cociñas solares.
- Tipos de cociñas.
- Que é a pasteurización. Principais causas de morte infantil no mundo.
- Construción dun pasteurizador solar.
- Mapa da crise da leña - o ecuador- e mapa de radiación solar.
- Beneficios das cociñas solares.
- Preparación e degustación dun prato-sobremesa coas cociñas solares.
- Análise dos ODS e grao de cumprimento destes na cociña solar.

A comunidade educativa está a incorporar modelos de intervención na aula -aprendizaxe por proxectos- que favorezan a aprendizaxe- coñecementos, habilidades e actitudes- do alumnado.

A promoción da educación para a sostibilidade e a adaptación á crise climática -Acordo París 2015, Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible - veñen e están a definir as accións na formación educativa formal e non formal, mais buscando a experiencia que permita fixar o aprendido no ser educando.

A LOMLOE, a lei educativa que se acaba de estrear, establece 5 principios reitores que buscan formar a cidadanía, 3 dos cales son troncais co obradoiro de cociñas solares.

- Os dereitos da infancia.
- A educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial, que inclúe a educación para a paz, os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica.
- A igualdade de xénero.

OBXECTIVOS

- Expoñer os principais conceptos básicos relacionados co aproveitamento da enerxía solar, para aplicacións térmicas.
- Tomar conciencia da enerxía, medir a capacidade de aproveitamento da enerxía solar usando un medidor de radiación solar.
- Identificar as causas do cambio climático e algunha das súas consecuencias.
- Fomentar medidas para a mitigación das causas da crise climática.
- Debater sobre o uso e abuso da enerxía.
- Coñecer os tipos, usos e beneficios das cociñas solares.
- Adquirir competencias e destrezas básicas para construír un pasteurizador ou un forno solar.
- Comprender e expresar as posibilidades de uso para proxectos de desenvolvemento.
- Realizar un menú solar (sobremesa).
- Fomentar o uso de produtos de agricultura ecolóxica.
- Auditar a cociña solar con respecto aos ODS.

MATERIAIS:

- Exposición de 4 expositores sobre cociña solar. Fundació Terra.
- Unidade didáctica Cociña solar os picos do sol.
- Catro carteis “Introdución ás enerxías renovables” Irmáns Urkia.
- Material de cociña (olas, potas, cazos, tixolas, pratos, coitelos, peladores...).
- Material para a realización da demostración (biscoito, mazás, chourizos, arroz).
- Un toldo, dúas mesas, un encerado, un mapa Petreris, 12 modelos de cociñas solares, medidores.
- Material de construción para fornos e pasteurizadores (cartóns, papel aluminio, cola, tesoiras, regras, pinceis...).



PERSOAS DESTINATARIAS : 3º e 4º de ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro

DATAS DE EXECUCIÓN: de xaneiro a xuño (a demanda do centro educativo).

DURACIÓN: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino (zona exterior)



CONTIDOS

Baseándonos na exposición "Fogares verdes" e os 12 paneis que a compoñen e partindo de explicacións sinxelas achegamos ao alumnado a conceptos como:

"Cambio climático", "pegada ecolóxica", "déficit ecolóxico", "mochila ecolóxica", "desenvolvemento sostible", "enerxías renovables", "eficiencia enerxética", etc.

A través do debate e aplicacións prácticas, faremos simulacións que nos axudarán a facer un cálculo da nosa pegada ecolóxica nun día habitual.

OBXECTIVOS

- ✦ Fomentar a responsabilidade social e ambiental do alumnado e facelo consciente das consecuencias que os diferentes estilos de vida teñen no noso planeta.
- ✦ Favorecer os cambios precisos para acadar os compromisos enerxéticos dos nosos estados.
- ✦ Construír e debater un modelo de xestión do centro dende criterios sustentables.


PERSOAS DESTINATARIAS : 3º e 4º de ESO

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: un grupo/aula por obradoiro

DATAS DE EXECUCIÓN: de outubro a xuño (a demanda do centro educativo).

DURACIÓN: lectivo. Catro sesións de 50 minutos por obradoiro.

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino



ACORDOS DE COLABORACIÓN COS CENTROS DE ENSINO EN MATERIA DE PROMO- CIÓN EDUCATIVA

CONTIDOS

Obradoiros medioambientais a realizar nas instalacións do PTIDR Aldea Nova, na área medioambiental río Xuvia-Pedroso e outras instalacións ou programas.

OBXECTIVOS

- ✦ Achegar ás persoas novas a nosa identidade antropolóxica-cultural.
- ✦ Propiciar o coñecemento mediante a utilización de metodoloxía empírica e, polo tanto, manipulativa, prácticas e con soportes didácticos que permitan unha doada asimilación das aprendizaxes, adquisición de habelencias e absorción intelectual de contidos teóricos.
- ✦ Reforzar os contidos académicos a través da realización de actividades que engloban diferentes áreas educativas.

PERSOAS DESTINATARIAS : alumando de todos os niveis educativos

Nº MÁXIMO DE PERSOAS PARTICIPANTES: en cada obradoiro participará un grupo/aula

DATAS DE EXECUCIÓN: de xaneiro a decembro

DURACIÓN: lectivo ou extraescolar. Consultar segundo obradoiro ou actividade

LUGAR DE REALIZACIÓN: centros de ensino de Narón, parques medioambientais e outras instalacións.

